

Traballo telemático

A entrega das tarefas, as correccións e a introdución de novos contidos (no caso de 2º de BAC) realizarase a través de DRIVE.

Latín II

- Os alumnos seguirán traballando cos textos seleccionados de Eutropio e algunha fábula de Fedro: tradución do Latín e exercicios de gramática. Subirei a DRIVE as traducións e as correccións de gramática, de xeito progresivo para irles marcando o ritmo.
- Selección de exercicios de gramática online para practicar contidos xa vistos ou novos.
- Subirei o Tema de Literatura que nos queda por dar: A poesía lírica latina, cun cuestionario para orientar o seu estudo.

Tarefas realizadas ata agora:

- **Tarefa 1:** Respostar a dúas cuestións gramaticais sobre un texto.
- **Tarefa 2:** Traducir dous textos de Eutropio. (VI. 17, 22). Os alumnos/as que non entenderon ben os textos, realizaron exercicios extra.
- **Tarefa 3:** Semana do 23 ao 27 de marzo. Traducir un texto de Eutropio (VI.19).
- **Tarefa 4:** Semana do 30 de marzo ao 3 de abril. Traducir dous textos de Eutropio (“A loita contra os pompeianos”, p.19 e o Texto 6, da p. 19 (“Anno ...urbis conditae), con cuestións gramaticais. Preparar o tema da poesía lírica latina con cuestións. Busca de información sobre o movemento neotérico e a obra lírica de Horacio.
- **Tarefa 5:** Semana do 13 ao 17 de abril. Comezamos o bloque do Imperium de Eutropio. Tradución de varios textos con cuestións gramaticais (Liber VII. 1, 7).

Latín I

- O procedemento é similar ao de Latín de 2º: traballo cos textos seleccionados e exercicios de gramática online.
- Selección dalgunha lectura do libro de texto.
- Busca de información.

Tarefas realizadas ata agora:

- **Tarefa 1:** Tradución dun texto con cuestións gramaticais (“Ludi circenses”). Os alumnos/as que non entenderon ben o texto, realizaron exercicios extra.
- **Tarefa 2:** Exercicios para practicar o participio de presente (p. 246)
- **Tarefa 3:** Semana do 23 ao 27 de marzo. Tradución dun texto (**Marcus Quintum ad balnea ducit** . p.219) con cuestións gramaticais. Lectura dun tema sobre Cicerón e respostar a unha pregunta.
- **Tarefa 4:** Do 30 de marzo ao 3 de abril. Exercicios online para o repaso da morfoloxía. Tradución do primer párrafo do texto **Caesaris triumphis** (p.228), con cuestións gramaticais. Ler o tema “El final de la República” (p.251-252) e respostar a unha cuestión. Busca de información sobre un templo romano.
- **Tarefa 5.** Semana do 14 ao 17 de abril. Exercicios de morfoloxía e de sintaxe sobre o texto que entregaron a semana pasada, xa que tiñan bastantes fallos. Tradución do segundo párrafo do texto. Busca de información sobre o final da República en Roma, partindo dunha cuestión. Busca de información sobre o templo da época republicana, que non identificaron ben. Ver un video da serie Roma, tamén sobre a República romana.

Latín de 4

- Envieilles textos para traducir e realizaron actividades de Gramática interactivas.
- Resumos e esquemas da parte de Historia, sociedade e cultura.

Tarefas realizadas ata agora

- **Tarefa 1:** Tradución de dous textos sobre a lenda de Pigmalión con cuestións gramaticais.
- **Tarefa 2:** Do 23 ao 27 de marzo. Realización de exercicios da Unidade 7. Tradución dun pequeno texto desta mesma Unidade.
- **Tarefa 3:** Do 30 de marzo ao 3 de abril. Preguntas de comprensión sobre un texto da lenda de Troia e exercicios de gramática. Unha cuestión sobre o Principado de Augusto. Busca de información sobre manifestacións artísticas relacionadas co mito de Orfeo e Eurídice.
- **Tarefa 4:** Semana do 14 ao 17 de abril. Ler un texto en latín sobre Hércules e Alcmena e respostar ás preguntas de comprensión. Traducir un fragmento e contestar ás cuestións gramaticais. Revisar a formación do P. Perfecto en latín.

Alemán de 3º e 4º

- En “Blinklearning” dispoñen do **Arbeitsbuch** cos exercicios e actividades interactivas que deberán ir facendo.
- Empregamos os recursos que oferta a editorial Klett (**Klett Augmented**: audios, vídeos, exercicios online. **Quizlet**: Para aprender vocabulario xogando etc. e a Editorial Cornelsen, que utilizamos en 4º), así coma os recursos doutros portais ou institucións (www.dw.de; www.goethe.de etc.).
- Redacción de textos sobre temas xa tratados.

Tarefas realizadas ata agora

- **Tarefa 1.** Exercicios de Gramática de repaso: Personalpronomen (Akkusativ, Dativ).
- **Tarefa 2.** Exercicios de Gramática (Verben)
- **Tarefa 3.** Semana do 23 ao 27 de marzo. Ver dous Videos da serie “Nicos Weg” (**Was machst du hier?**; **Eine Pizza, bitte**) E realizar as actividades de comprensión.
- **Tarefas 4.** Semana do 30 de marzo a 3 de abril. Ver dous Videos da serie “Nicos Weg” (**Ich war schon in Berlin; Wo liegt das?**), realizar os exercicios interactivos de comprensión e respostar a unha cuestión. Ler un texto sobre Berlin (**Reise nach Berlin**), realizar as tarefas de comprensión e respostar a unha cuestión.
- **Tarefas 5.** Semana do 14 ao 17 de abril. Ver dous videos sobre a celebración da Semana Santa en Alemaña e contestar ás actividades de comprensión. Realizar varios exercicios sobre a festividade (contestar a unha cuestión, completar varios textos). Práctica de vocabulario con exercicios interactivos.
Ver un video cunha canción de Rolf Zuckowsky, **Jetzt kommt die Osterzeit**. O alumnado e 4º ten dúas actividades extra: contestar a varias cuestións sobre a celebración da Semana Santa no noso país e facer varios exercicios de gramática para practicar as oracións introducidas por **weil** e **dass**.